



Ciencias da Saúde, Ciencias Experimentais.

UNIVERSIDADE

Vínculos
de
interese:

<http://ciug.cesga.es/> <http://www.edu.xunta.es/portal> <http://www.uvigo.es>
<http://www.udc.es> <http://www.usc.es> <http://www.educacion.es/portada.html>
<http://www.kekiero.es/> , <http://www.universia.es> , <http://www.yaq.es/>
<http://www.mcu.es/artesEscenicas/>

Materias de modalidade	
1º bacharelato	2º de bacharelato
Matemáticas I, Física e Química, Bioloxía e Xeoloxía	Matemáticas II, Física, Química, Ciencias da Terra e Ambientais, Bioloxía

Perfil do estudante: Capacidade para as relacións e os contactos interpersonais, vocación, equilibrio persoal, capacidade de atención e de escoita, destreza manual, dedicación, gusto polas disciplinas experimentais e relacionadas coas ciencias naturais, responsabilidade, unha aceptable base de matemáticas e física, sentido da organización, boa capacidade de estudo, capacidade de abstracción.

Dificultade: Media-alta. En xeral, as carreiras desta área pódense considerar bastante difíciles. A materia menos ponderada é Ciencias da Terra e Ambientais

Análise por Titulacións de Saúde

Grao	Cidade
Fisioterapia	P, C
Podoloxía	F

Aceso preferente: Rama Ciencias da Saúde.

Materias de estudo: Estrutura e función do corpo humano, Saúde pública; en Fisioterapia: afeccións médicas e cirúrxicas e os seus tratamentos, Ciencias psicosociais aplicadas, fisioterapia.; en Podoloxía: Clínica podolóxica integrada, microbioloxía e parasitoloxía, ortopodoloxía...

Saídas profesionais: Boas. Os profesionais atopan traballo en hospitais, clínicas, ambulatorios e despachos sanitarios. Ademais, todos poden instalarse pola súa conta.

Grao	Cidade
Terapia Ocupacional	C

Aceso preferente: Desde Ciencias da Saúde u outras segundo notas de corte.

Materias de estudo: Estrutura e función do corpo humano, afeccións médicas, afeccións cirúrxicas, saúde pública, xeriatría, psicoloxía, socioloxía.

Grao	Cidade
Logopedia	C

Materias de estudo: Anatomía e fisioloxía dos órganos da linguaxe, intervención logopédica nos trastornos de fala e voz, lingüística xeral e aplicada, patoloxía da audición e da linguaxe.

Saídas profesionais: Boas. Tanto en Terapia Ocupacional como en Logopedia. Os profesionais deste grupo de carreiras atopan traballo en hospitais, clínicas, ambulatorios, residencias para a 3ª idade, e despachos sanitarios. Ademais, todos poden instalarse pola súa conta.

Grao	Cidade
Farmacía	S

Acceso preferente: Desde Ciencias da Saúde u outras segundo notas de corte.

Materias de estudo: Farmacoloxía, bioquímica, física, química, análises biolóxicas, microbioloxía, fisiopatoloxía, función do corpo humano.

Saídas profesionais: Moderadas. Os profesionais deste grupo de carreiras cada vez teñen máis dificultade para atopar traballos relacionados directamente co que estudaron.

Cada vez hai máis licenciados e o número de farmacias non aumenta, así como tampouco a investigación que se realiza en laboratorios farmacéuticos.

Grao	Cidade
Psicoloxía	S

Acceso preferente: desde a modalidade de Ciencias da Saúde.

Materias de estudo: Métodos, deseños e técnicas de investigación, psicobioloxía, personalidade, social, da educación, do desenvolvemento, do pensamento e da linguaxe, estatística, clínica, cognitiva, evolutiva, social...

Saídas profesionais: Regulares. Aínda que en teoría teñen un campo amplo de saídas, na práctica non se crean case postos de traballo. Entre outras: recursos humanos, psicólogo industrial e escolar, asesor e organizador en centros de estudio ou de traballo, estudo do rendemento académico e profesional, avaliación da mellora do rendemento, orientador escolar, orientador laboral, técnico en programas municipais e exercicio libre da profesión. Psicólogo social, escolar ou clínico privado

Grao	Cidade
Enfermería	V, P, O, L, C
Medicina (5 anos) / Odontoloxía (5 anos)	S

Acceso preferente: Desde Ciencias da Saúde.

Materias de estudo: En enfermería: Estructura e función do corpo humano, nutrición e dietética, farmacoloxía, enfermería comunitaria...; En Medicina: Anatomía, bioquímica, estatística, epidemioloxía, patoloxía, especialidades...; en Odontoloxía: Anatomía patolóxica xeral, bioloxía molecular e celular, psicoloxía, materiais odontolóxicos, equipamento, instrumentación e ergonomía, radioloxía xeral...

Saídas profesionais: Regulares. Os profesionais deste grupo de carreiras traballan fundamentalmente en hospitais, clínicas, ambulatorios e despachos sanitarios.

Ademais, todos poden instalarse pola súa conta. Sen embargo, o mercado está cada vez máis saturado.

Grao	Cidade
Veterinaria (5 anos)	L

Acceso preferente: Desde Ciencias da Saúde.

Materias de estudo: Bioloxía animal e vexetal; anatomía, embrioloxía e histoloxía; bioquímica; epidemioloxía; fisioloxía animal, protección animal; saúde animal; lexislación veterinaria; nutrición animal; enfermidades parasitarias.

Saídas profesionais: Moderadas. Os profesionais deste grupo de carreiras cada vez teñen máis dificultade para atopar traballos relacionados directamente co que estudaron.

Título	Cidade
Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	O
Nutrición Humana e Dietética	

Acceso preferente: Rama Ciencias da Saúde.

Materias de estudo: Alimentación e cultura, bromatoloxía, dietética e nutrición, hixiene dos alimentos, produción de materias primas, química e bioquímica dos alimentos...

Saídas profesionais: Dedícanse a todo o que ten que ver cos alimentos e a alimentación humana. Por iso, o seu lugar natural de traballo son empresas e laboratorios de bebidas, de alimentación e de conservas, sanidade, medio ambiente e bioquímica.

Análise por Titulacións de Ciencias

Grao	Cidade
Química	V, S, C
Bioloxía	V, S, C
Xeoloxía	

Acceso preferente: Ramas Científico-técnica e Ciencias da Saúde.

Materias de estudo: En **Química:** bioquímica, enlace químico, Física, matemáticas, química orgánica e inorgánica...; en **Bioloxía:** bioloxía, fisioloxía animal e vexetal, xenética, botánica, microbioloxía; en **Xeoloxía:** Xeodinámica, estratigrafía, física da terra, matemáticas, química, petroloxía, astronomía e astrofísica...

Saídas profesionais: Variadas. Van desde postos técnicos ou directivos en empresas alimentarias, petroquímicas, químicas, farmacéuticas, de alimentación, de medio ambiente ou de construción, ata de recursos enerxéticos e recuperación de residuos.

Grao	Cidade
Ciencias do Mar	V
Ciencias Ambientais	V

Acceso preferente: Ramas Científico-técnica e Ciencias da Saúde.

Materias de estudo: En **Ciencias do Mar:** bioloxía e ecoloxía mariñas, medio ambiente, xeofísica e xeoloxía mariñas, oceanografía, contaminación, acuicultura. En **Ciencias Ambientais:** lexislación ambiental, ecoloxía, medio físico, fundamentos matemáticos, meteoroloxía, xestión e conservación de recursos naturais...

Saídas profesionais: Variadas. Van desde postos técnicos ou directivos en empresas relacionadas co medio ambiente e o mar ata calquera empresa que aborde áreas de experimentación: petroquímicas, químicas, de alimentación, farmacéuticas, acuicultura, sector pesqueiro, de medio ambiente ou de construción, ata de recursos enerxéticos, entre outras.

Grao	Cidade
Óptica e Optimetría	S

Acceso preferente: Ramas: Científico-técnica e Ciencias da saúde.

Materias de estudo: Estrutura e función do sistema visual, física, matemáticas, óptica, optometría e contactoloxía, tecnoloxía óptica.

Saídas profesionais: Fundamentalmente, traballar nunha óptica.

Grao	Cidade
Física / Matemáticas	S

Acceso preferente: Ramas Científico-técnica e Ciencias da Saúde. Diplomado en estatística dende científico-técnica e ciencias sociais.

Materias de estudo: En Física: Electromagnetismo, física, matemáticas, física cuántica, mecánica de ondas, termodinámica...; en Matemáticas: álgebra, análise matemático, métodos numéricos, estatística, cálculo, métodos matemáticos; en Estatística Análise matemático, cálculo de probabilidades, álgebra, estatística descritiva, fundamentos de matemáticas, mostraxe estatístico.

Saídas profesionais: Variadas. Polo seu carácter interdisciplinario poden traballar en todo tipo de empresas, aínda que, ocupan postos técnicos ou directivos en empresas petroquímicas, químicas, farmacéuticas, de recursos enerxéticos, electrónicas, informática, de I+D, telecomunicación, estatística, centros de cálculo e ópticas.

Acceso a outros graos da mesma rama: Se rematas primeiro curso con todo aprobado e desexas cambiar a outro grao da mesma rama podes acceder a segundo curso co 30 % aproximado de primeiro do novo grao por recuperar.

Ponderacións de exame de selectividade por carreiras (en <http://ciug.cesga.es>):

A fase xeral obrigatoria de selectividade é das materias de 2º de bacharel comúns e 1 escollida propia de calquera modalidade cursada ou non. A nota faise co **60 % da media do expediente académico** durante o bacharel e o outro 40% farase coa nota de exame de selectividade cun mínimo de 4 puntos. Aprobando a media temos acceso tódalas carreiras universitarias con moitas prazas.

Para as carreiras con límite de praza o alumnado se presentará á **fase específica voluntaria** de selectividade. É dun máximo de 3 materias propias de calquera modalidade cursadas ou non, das que se escollerán as 2 aprobadas máis puntuadas despois dunha **ponderación**. Isto poderá sumar ao exame da fase xeral un máximo de 2 puntos por materia cun total de 4 puntos. Recomendamos que se escollan nesta fase as materias máis ponderadas. A puntuación máxima de selectividade será de **10+4** puntos.

FORMACIÓN PROFESIONAL GRAO SUPERIOR

Os CS están agrupados por Familias. Todos duran 2 anos. Con este bacharelato podes facer:

Actividades Físicas e Deportivas. Agraria/ Actividades Agrarias. Edificación e Obra Civil.

Electricidade e Electrónica. Enerxía e Auga. Fabricación Mecánica. Imaxe e Son/ Comunicación, Imaxe e Son. Imaxe Persoal. Industrias Alimentarias. Industrias Extractivas.

Informática e Comunicacions/Informática. Instalación e Mantemento/ Mantemento e Servizos á Producción. Madeira, Moble e Cortiza/ Madeira e Moble. Marítimas e Pesqueira/ Actividades Marítimas e Pesqueiras. Química. Sanidade. Seguridade e Medio Ambiente.

Servizos Socioculturais e á Comunidade Téxtil, Confección e Pel. Transporte e Mantemento de Vehículos/ Mantemento de Vehículos Autopropulsados. Vidro e Cerámica.